



Sendo as 11,30 horas do venres día 7 de maio de 2021, xúntase telematicamente o xurado do premio *#XenteQueFaiHistoria: Como ensinas Xeografía e Historia?* co obxecto de valorar os proxectos presentados á convocatoria en curso. Unha vez realizadas as oportunas deliberacións e tendo en conta as bases da convocatoria e actual situación epidemiolóxica, o xurado acorda por unanimidade:

1º. Designar aos tres seguintes proxectos, relacionados por orde de recepción, para pasar á segunda rolda, entre os cales o xurado determinará o gañador e os restantes dous finalistas unha vez rematado o prazo de presentación:

- *De profesión: arqueólogo@.*
- *Reporteiros viaxeiros, A través do tempo.*
- *Cartas dende a miña Trincheira.*

2º. Os tres proxectos seleccionados deberán elaborar un vídeo a xeito de presentación do mesmo no marco do programa de difusión elaborado pola Facultade de Historia. Os vídeos, que terán unha duración máxima de 20 minutos serán difundidos a través da páxina web da Facultade, redes sociais, etc., e remitiranse antes do día 7 de xuño de 2021 por calquera medio electrónico que permita o envío de arquivos destas características á dirección de correo electrónico sdefho@uvigo.es.

3º Os restantes proxectos non seleccionados entre os tres finalistas, que se relacionan igualmente por orde de recepción, enviarán un vídeo de presentación nas mesmas condicións e prazos que os devanditos finalistas e serán así mesmo publicados nun pdf de libre acceso.



- *A muller na Prehistoria e no mundo antigo (Aportación de Xeografía e Historia para o programa 21 días en galego)*
- *Miserábeis*
- *Misterios da Historia*
- *Escape room "Primeira Guerra Mundial"*

De todo o cal como secretario dou fe.